

COMO REALIZAR UN TRABAJO ESCRITO

Realizar un traballo escrito é escoller un tema, aclaralo e tomar una posición sobre o mesmo. Para iso debes escoller as fontes de información (libros, revistas, Internet, etc) máis axeitadas ó tema.

Cando che piden que fagas un traballo escrito, suponse que deberás amosar dominio dos seguintes aspectos:

- Recollida de información (capacidade investigadora, de lectura, de síntese...)
- Tratamento rigoroso da información, (saber citar un texto de outra persoa, etc...)
- Organización da información
- Presentación do traballo de acordo coas normas establecidas.

ETAPAS NA REALIZACIÓN DUN TRABAJO ESCRITO:

1. PRIMEIRA ETAPA: A SELECCIÓN DO TEMA

Cando o traballo é proposto polo profesor ou profesora, terás que entender moi ben que é o que se pretende: por iso é importante que o tema estea ben definido.

Cando o traballo é por iniciativa túa, debes escoller o tema tendo en conta tres criterios básicos:

- a. A **túa capacidade individual**: non debes escoller tarefas por riba das túas posibilidades (temas moi difíciles ou moi ambiciosos); debes escoller un tema que se aproxime aos teus intereses.
- b. As **fontes de consulta**: é necesario que fagas un traballo de documentación no que vexas o que podes ou non podes consultar (procura informarte antes do que hai nas bibliotecas próximas antes de escoller o tema.
- c. O **tempo** de que dispós: se tes pouco, debes limitar a investigación.

Se sabes con certeza o que pretendes co traballo, as etapas seguintes serán máis doadas.

2. SEGUNDA ETAPA: RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Unha vez escollido o tema, debes comezar por saber que obras tratan sobre ese tema e se son accesibles.

As fontes de información máis accesibles son os materiais de que dispón a biblioteca do teu centro. Para poder recoller esa información tes tres fontes esenciais:

- a. Dicionarios: definen o sentido das palabras
- b. Enciclopedias: ofrecen unha visión xeral do asunto
- c. Libros especializados: desenvolven o tema

Pero hai tamén outras fontes que podes consultar:

- a. Medios de comunicación: xornais, revistas, Internet...
- b. Entrevistas a persoas competentes na materia
- c. Visitas de estudo.

Cando existen moitas fontes de información, a pregunta que te farás é: **POR ONDE COMEZAR?**

Debes facelo sempre pola consulta dunha obra de información xeral sobre o tema, por exemplo, unha enciclopedia ou un manual.

A recollida de información poderá facerse a través de:

- a. Toma de notas.

- b. Pequenos resumos.
- c. Palabras clave.
- d. Esquemas-mapas

3. TERCEIRA ETAPA: O PLAN DO TRABALLO

Unha vez que reuniches toda a información, debes elaborar un plan de traballo para ordenar as ideas.

Deste plan resultará:

- a. A división do traballo en capítulos ou subcapítulos.
- b. Os aspectos ou ideas que se van presentar.

A información debe ser seleccionada conforme ó tema que se está a estudar. Deberá ser eliminado todo o que é superfluo e confuso. A esta tarefa chámase FILTRADO DA INFORMACIÓN.

Tralo filtrado, é necesario ordenar as ideas. Ordenar é organizar as informacións seguindo unha secuencia lóxica. Para iso pódese facer un índice esquemático ou unha lista de palabras ou ideas clave.

Unha vez feito o esquema poderás establecer un calendario provisional.

4. CUARTA ETAPA: A REDACCIÓN DO TRABALLO

Se fixeches un bo esquema a redacción do traballo será moito máis fácil.

Aquí tes algunhas suxestións que podes ter en conta á hora de redactar o traballo:

- a. Nunca empregues termos ou conceptos novos sen definilos.
- b. Procura usar frases alternativas en lugar de negativas.
- c. Constrúe frases curtas.
- d. Procura que cada parágrafo corresponda cunha idea.
- e. Procura espaciar as liñas, sen esaxerar, a fin de facilitar a lectura.
- f. Deberás usar letra *itálica* ou subliñado nos seguintes casos:
 - i. Títulos de libros, poesías, películas, cancións, pezas de teatro ou obras de arte.
 - ii. Palabras estranxeiras.
 - iii. Frases ou palabras que queiras destacar.

De modo xeral, un traballo escrito deberá conter, por esta orde:

- g. **Portada:** A portada é a mostra do teu traballo. É a primeira imaxe que xurde asociada ó teu traballo e non esquezas que a primeira impresión conta moito. A portada pode ser sinxela (só cos elementos esenciais: nome do centro escolar, título do traballo, nome da disciplina, identificación do alumno ou alumna, curso e data) ou pode conter deseños, gravados ou fotografías alusivas ó seu contido.
- h. **Índice:** Presenta unha listaxe con numeración de todos os títulos e subtítulos que utilizarás ó longo do traballo. Debes indicar a páxina correspondente a cada un de acordo coa paxinación xeral do traballo, que se inicia no índice coa páxina 1.
- i. **Introdución:** Na introdución infórmase ó lector ou á lectora sobre o tema que se vai tratar e como se vai a tratar. Podes tamén facer alusión ós motivos que che levaron a escoller ese tema, ás dificultades atopadas para investigalo e ás vantaxes de estudar ese asunto, así como outras informacións que consideres importantes.
- j. **Desenvolvemento ou corpo central:** O corpo do traballo é a súa parte central. Telo que escribir tendo en conta as informacións recollidas. Podes dividilo en varias partes (capítulos ou subcapítulos) e ilustralo con fotografías, esquemas gráficos... Podes citar os autores ou autoras consultadas. As citas deben ser curtas e estar ben destacadas colocando comiñas ó inicio e o remate das mesmas. Se

non inclúes todo o texto na cita deberás indicalo con tres puntos suspensivos colocados entre corchetes [,,,] ou parénteses (...). Exemplo:

“O edificio da catedral aglutina unha harmónica mistura de estilos arquitectónicos (...). A catedral non defrauda a quen camiña para a coñecer (...).

Docal Labaén, J.R. A catedral de Santiago de Compostela (2000)

Despois deberás indicar na bibliografía a obra e o autor de onde tomaches a cita. Exemplos:

AUTOR ou AUTORA (APELIDO, Nome). *Título do libro* (en letra cursiva). Nº da edición (excepto se fose a 1ª, que non se menciona). Lugar de publicación: editorial. (Ano de publicación)

CASTELAO, Alfonso R. *Cousas*. 2ª ed. Vigo. Ed. Galaxia. (2000)

No caso de dous autores ou autoras, menciónanse os dous nomes separados por e.

Se son máis de 2, escribimos o primeiro autor seguido de **et al** (que significa “e outros”)

No caso de que sexa a obra dunha colectividade (ou institución) o seu nome escribirase tal e como aparece no documento. Exemplos:

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. Censos 2001

Santiago. IGE (2003)

No caso de artigos de revistas, xornais...: AUTOR/A (APELIDOS, Nome) – Título da tese. Lugar de Publicación: Entidade onde foi presentada, ano.

No caso dunha páxina web ou fontes electrónicas como CD ROMS, DVD... Responsable principal. *Título*. [Tipo de soporte]. Edición. Lugar de publicación. Editor. Data de publicación. Data de actualización ou revisión. [Data da consulta]. Disponibilidade de acceso. Exemplo:

Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Catálogo [En liña] da biblioteca. [Consulta: 20 novembro 2007] Disponible en: <http://museoreinasofia.mecu.es/biblio/default/htm>.

- k. **Conclusión:** É o final do traballo. Debe ser breve e nela faise unha síntese ou resumo do tema do que se falou anteriormente.
- l. **Bibliografía:** Para redactar o listado coa bibliografía empregada deberás indicar por esta orde os seguintes aspectos, separados por comas: primeiro apelido do autor ou autora, en maiúsculas, seguido de coma e do nome propio en minúscula (CELA, Camilo José). O título da obra en cursiva ou subliñado; número do volume; nome da editorial, lugar de publicación; data da edición. Exemplo:
CELA, Camilo José, *A familia de Pascual Duarte*, Ed. Alfaguara, Madrid, 1978
- m. **Anexos** (opcional): Os anexos poden ser mapas, gráficos e outros documentos. Serven para complementar e fundamentar as afirmacións feitas ó longo do traballo.

5. QUINTA ETAPA: PRESENTACIÓN E ILUSTRACIÓN DO TRABALLO

Unha boa presentación agrada á vista e inflúe positivamente en quen le. Para que un traballo teña un aspecto agradable deberás coidar a presentación.

- a. Usa follas lisas, brancas, de formato A4.

- b. Escribe por unha soa cara de cada folla.
- c. A primeira páxina deberá ser a portada e na segunda deberás incluír o índice.
- d. A terceira páxina estará reservada á introdución e as seguintes ó desenvolvemento do traballo.
- e. Na última folla, colocarás a bibliografía e a continuación os anexos, no caso de que existan.
- f. Usa títulos e subtítulos de forma ben destacada e numerados.
- g. Deixa marxes ó redor da páxina que permitan ó profesor facer anotacións e tamén que faciliten a encadernación.
- h. Fai unha letra lexible no caso en que non puideras usar un ordenador.
- i. Non entregues follas tachadas ou cheas de rectificacións.
- j. Numera as páxinas, excepto a portada.
- k. Numera e coloca lendas-títulos- en todos os recursos que utilices (gráficos, mapas, táboas...).

Calquera tema pode ser ilustrado recorrendo á fotografía, gravados, mapas e gráficos, etc. Pero non esquezas de que todas as imaxes deben estar sempre relacionadas co texto e deberán ser colocadas próximas do asunto que ilustran. Deberán tamén ter un pé de foto explicativo.

6. SEXTA ETAPA: IMPRESIÓN

Se fixeches o traballo usando un procesador de texto (como o Microsoft Word), a etapa que segue é a da impresión. Ó mellor é unha boa idea imprimir primeiro unha versión “borrador” para corrixir posibles erros e para ver se todo sae como esperabas.

Se o traballo ten máis de 20 páxinas, vai imprimindo ós poucos. En ocasións, pode que falte tinta ou que as follas se atasquen na impresora e así desperdicianse varias follas.

Nunca deixes a impresora traballando soa. Máis vale previr que lamentar. Ás veces a impresora engule máis dunha folla ou as follas se atascan, outras remata a tinta e non imprime ben. Por iso é mellor botar unha ollada.

7. SÉPTIMA ETAPA: ENCADERNACIÓN

A última tarefa é a encadernación. As dúas formas máis empregadas son a espiral e o canutillo, pero hai outras alternativas no mercado das que podes botar mán se o traballo non é moi voluminoso (encadernadores, aneis, grampas...).

Texto orixinal na páxina web da rede de bibliotecas escolares de Portugal:

http://www.rbe.min-edu.pt/cand_merito/recursos/PAN/apresentar_trabalhos.pdf . Publicado pola Biblioteca POETA AÑÓN, do IES Poeta Añón. OUTES (A Coruña)